



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS


SA-17M

04-Tócaa outra vez, Luísa

PASO A PASO DA MONTAXE



1. Prepara un debuxo do teu violino.



2. Repasa o debuxo cun rotulador groso.



3. Corta a silueta do violino con moito coidado empregando o coitelo de precisión de forma segura.



4. Perfora o cartón e fai uns buratos axeitados para os encadernadores.



5. Introduce cada encadernador no seu burato.



6. A ponte é unha das pezas clave, xa que levanta e separa as cordas do violino. Ten un deseño asimétrico.




7. Agora é o momento de poñer as cordas entre os encadernadores. Podes empregar fío condutivo ou arame fino.



8. As cordas teñen que pasar por riba da ponte.




9. Lembra colocalas un pouco tensas.




10. Na parte inferior asegúrate de que as pezas metálicas quedan afastadas e non tocan entre si evitando cortocircuitos.




11. Podes aseguralas cunhas cintas adhesivas.




12. Este sería o resultado final coas cordas elevadas pola ponte. Ben feito!



13. É o momento de facer o arco, debuxándoo nunha nova peza de cartón.



14. Emprega de novo o coitelo de precisión, logo podes empregar o rotulador para perfilar os bordos.




15. Perfora os puntos para os buratos dos encadernadores.




16. Emprega fío condutivo ou un arame para rematar a túa creación.




17. Podes decorar o teu violino ao teu gusto.



18. Conecta o violino coa placa tecla a tecla .



19. Conecta a "terra" a un extremo do arco para pechar o circuíto.



20. Conecta a placa ao teu equipo e carga a programación.

Violino feito, tócaa outra vez, Luísa.